

Fingoy, 16 xulio 1966

Sr. Don Xosé María Álvarez Blázquez
Oviedo

Meu querido amigo: Puiden despachar máis unha das túas encomendas. Dempóis de varias xestións na Biblioteca Provincial conseguín que me deixaran a colección de "La aurora del Miño" e levéina a un fotógrafo, quen, logo dun intento que non resultou satisfactorio, outivo unha fotocopia que me pareceu suficientemente crara do diálogo de Pintos. Mandéicho certificado hai uns días, e supoño que estará xa no teu poder.

Vin o teu traballo en "Grial" sobre os versos de Aguirre. Os meus puntos de vista sobre a significación dos mesmos -consideroos marxinás ao noso Renacemento- espóñense nun artigo que mandei ao "Faro".

Conforme vaia podendo, iréiche despachando o resto das consultas. Agora estou inmovilizado en Fingoy, con miras a rematar a Gramática.

Unha aperta do teu amigo,

